



Guion técnico Exemplo

FICHA TECNICA		
EMISORA O GRUPO RESPONSABLE: alumnado do programa "Teño un TIC".		
Tema persona e entrevistado: " Os móbiles no aula", Clara, profesora e coordinadora TIC do IES...		
Dirección o realización: Bryan (control), Luis (locutor1), Lorena (Locutora 2) 2º ESO.		
Audiencia ou oíntes aos que vai dirixido: alumnos do IES ...		
Duración:15 min.		
Secuencia de realización		
Control	Entra cuña promoción ou sintonía cabeceira do programa "Teño un TIC" esvaece/baixa.	3 s
Control	Entrada música ambiental. Baixa.	4 s
Locutor 1	Bo día e benvidos e benvidas ao noso espazo de radio escolar "Teño un TIC". Acompañanos esta mañá, Bryan, no control, Luis, quen lles fala e ...	10 s
Presentación		
Locutora 2	...Lorena. Hoxe imos falar dun tema polémico: os móbiles no aula . Para falar diso, imos entrevistar á nosa profesora máis TIC do IES... Clara, que imparte Tecnoloxía en 1º e 3º da ESO , encargada das novas tecnoloxías no centro. Como estas, Clara grazas por aceptar a nosa entrevista .	20 s
Tema		
Protagonista		
Entrevistada:	Grazas a vos por invitarme.	2 s
Locutor 1	"Para empezar Clara, gustaríanos saber se é certo que se poden utilizar os móbiles nas túas clases".	10 s
Entrevistada:	" Si, efectivamente, o meu alumnado trae o móbil e utilizao para traballar, insisto, para traballar nas clases de Tecnoloxía."	¿?
Locutora 2	"Como utiliza o teu alumnado o teléfono?"	8 s
Pregunta		

Entrevistada	"Un móbil é un pequeno ordenador, en numerosas ocasións o alumnado necesita facer consultas, comprobar datos en Internet. Tamén o utiliza como calculadora, ou como cámara fotográfica para documentar un proxecto no que traballa. Teño miles de exemplos."	¿?
Locutor 1	Os móbiles nas aulas , este é o tema do que hoxe falamos en "Teño un TIC", para iso invitamos a Clara, a nosa coordinadora TIC dun centro educativo.	
Lembranza		
Locutora 2	Para continuar, gustaríanos preguntarche sobre as familias, están de acordo con que o teu alumnado prenda o móbil en clase?	
Entrevistada	"Si. Agora si. Nun principio foi necesario explicar ás familias, con exemplos concretos, como a tecnoloxía podía axudarlles a aprender mellor. Por suposto, explíquelles que existen unhas normas de uso que debemos respectar."	¿?
Locutora 2	"Como dixemos ao principio, este é un tema polémico. Non todo o alumnado nin tampouco as persoas adultas coñecen as posibilidades que teñen os dispositivos móbiles para a educación. Como dixi, Clara, a nosa coordinadora TIC, temos que aprender xuntos. "	10 s
Conclusión		
Locutor 1	Grazas Clara , por toda esta información e por ensinarnos un pouco máis. Desde o noso espazo, "Teño un TIC", intentaremos concienciar á comunidade educativa que hai máis formas de usar o móbil e de aprender con el. Despedímonos Lorena, Luis e Bryan. Ata a próxima entrevista. Moitas grazas por escoitarnos.	20 s
Agradecemos		
Despedida		
Control	Entra de fondo sintonía de programa, despedida. Esvaécese.	10 s



A entrevista radiofónica



Unha **entrevista** é un formato radiofónico, un diálogo ou unha conversación entre a persoa locutora e unha ou varias persoas entrevistadas.

Consiste nunha serie de preguntas preparadas con anterioridade e dirixidas a unha ou varias persoas que son importantes polos seus coñecementos, as súas opinións sobre un tema ou pola súa personalidade



Obxectivo

Profundizar ou interpretar a realidade para o/a oínte ofrecéndolles distintas perspectivas sobre un tema.



Elementos chave

Xunto ás persoas protagonistas (oíntes, locutores/as e entrevistados/as), os elementos da organización da entrevista son a chave do seu éxito:

- Presentación dun bo tema e dos/as entrevistados/as.
- O clima da entrevista.
- Uso e utilidade deas preguntas.
- Resumo e conclusión da entrevista.



Presentación dun bo tema e do entrevistado/a

Antes de iniciar a entrevista, as persoas que realizan a locución deben presentar o tema, sinalar os seus antecedentes, as súas implicacións para a comunidade, e a importancia ou razón pola que se inclúe no programa. Tamén deben presentar ao invitado/a, mencionando ademais do seu nome e apelidos, as razóns polas que é importante a súa opinión sobre o tema.



O clima da entrevista

Como conductor/a da entrevista debes ser incisivo/a pero respectuoso/a. Crea un ambiente cordial.

Procura crear un bo clima de conversación: amosa interese. Asume a responsabilidade conscientemente de dirixir a entrevista para os teus oíntes.

Dirixete ao teu invitado/a dunha forma persoal e trátalo respectuosamente.

Evita muletillas (“Emm ...”, “isto ...”) Pregunta por datos concretos e por experiencias. Non soltes nunca o micrófono! Debes estar atento/a.

ABC Uso e utilidade das preguntas

Na entrevista establécense preguntas que son consideradas básicas no periodismo: Quen?, cando?, onde?, que?, como?, por que? e para que?

- 1) claras e sinxelas,
- 2) directas,
- 3) breves,
- 4) concretas.

As preguntas dunha en unha.

Formula preguntas abertas pero non demasiado xerais. Evita usar continuamente as preguntas cerradas ou con datos moi concretos xa que son menos interesantes para o/a oínte.

Non sempre hai que encasillarse nas preguntas do cuestionario, algunhas poden aflorar durante a conversación. Por iso hai que estar moi atentos/as e practicar a **escoita activa**. As respostas do entrevistado/a son as que máis aportan á audiencia.



Resumo e conclusión da entrevista

Como conductor/a da entrevista, para terminar debes elaborar un resumo breve de todo o tratado, elaborando conclusións sobre a entrevista, ademais de despedir á persoa ou persoas invitadas, lembrando o seu nome e a súa relación co tema.



Como?

1

Define o tema da entrevista: Pensa como os teus oíntes. Sobre que queren saber ou aprender? Ponte no lugar da audiencia e define o obxectivo desa entrevista.

2

Elix ben á persoa entrevistada: Coñece o tema? A súa experiencia é importante? O que conta, pensa ou sinte é de interese ou utilidade para os teus oíntes? Coñece previamente á persoa. Recolle información sobre ela.

3

Documéntate sobre o tema da entrevista: Le libros, artigos, entrevistas. Visualiza vídeos ou pregunta a quen saiba sobre o tema. Escolle os aspectos nos que queres centrarte.

4

Deseña un cuestionario ou guía de preguntas: Anticipa posibles respostas e prepárate para afrontalas e reconducir a entrevista.

5

Como norma xeral, a intervención de cada participante nunca debe durar máis de 3 minutos seguidos, para non esgotar á audiencia. A súa duración pode variar.